



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/31	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	6 de agosto de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 13:04 ata as 13:20 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 30 de xullo de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 30 de xullo de 2018.

### Expediente 1586/2018. Dación de conta de autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada en zonas de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

O alcalde-presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, dá conta á Xunta de Goberno Local das autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de 2018, na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Cangas:

Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán 2018, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Cumprindo coas condicións do anexo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de intervención, xestión de ingresos e estatística.

1.- C.A.Y., para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia de Areabrava, O Hío, Cangas.

2.- J.R.F.B., para a instalación de un quiosco de 18,50 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia de Menduíña, Aldán.

3.- J.M.C.A., para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Pradiño, Vilanova, O Hío.

4.- A.R.A., para a instalación de un quiosco de 20,00 m<sup>2</sup>., no lugar de Praia de Carballa, San Xian, O Hío, Cangas.

Concello de Cangas



ANEXO

*As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes:*

**CONDICIÓNS:**

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10:00 horas atás as 22:00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder a venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.

7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral si existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro de 2018.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios.

12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.

13º.- Observarase o previsto no R.d. 2817/83, de 13 de outubro e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE de 24 de abril).

14º.- Advírteselle ao interesado que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas.

**Expediente 3280/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 3280/2018.- Outorgar a "CARNICAS TUCHO SL", con enderezo na Madalena, n° X-Darbo, licenza de obras para ampliación de nave existente en 199,45 m<sup>2</sup>., de planta baixa e outros tantos de primeiro andar, sita no lugar da Madalena, s/n- Darbo



(referencia catastral X/X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.R.L. de data marzo de 2018 e condicións impostas pola AXI de data 6 de xuño de 2018. Deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza, o presuposto de execución material ascende a cento catro mil novecentos dezaoto euros con sesenta e oito céntimos (104.918.68 €).

**Expediente 3753/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3753/2018.- Outorgar a M.B.R.F., con enderezo en Longán, nº X-Coiro, , licenza de obras para construír un cerramento de 40,95 ml., no mesmo lugar (referencia catastral X), segundo o proxecto elaborado polo arquitecto, D.V.F. de xullo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil setecentos setenta euros con tres céntimos (4.770,03 €).

**Expediente 2306/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2306/2018.- Outorgar licenza de obras á COMUNIDADE PROPIETARIOS ESPIRITU SANTO 10, con enderezo no Espírito Santo, nº X-Coiro, para a instalación de ascensor e substitución de material de cuberta en edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta técnica M.G.B., de data maio de 2018. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a sesenta e cinco mil setecentos corenta euros con cincuenta céntimos (65.740,50 €).

**Expediente 2621/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2621/2018.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 19.016. LICENZA DE OBRAS Nº 18.765.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación, a M.M.D., con enderezo en Santa Marta, nº X-Darbo, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Menduíña-Aldán (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 18.765, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 4 de xuño de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo do Urbanismo de data 30 de xullo de 2018.



Concello de Cangas

**Expediente 3313/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3313/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.E.S., para construción de un cerramento de 74,26 ml., sito no lugar de Xan Pérez de Adentro-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada de data 25 de xuño, 10 e 30 de xullo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil douscentos trinta euros (2.230,00 €).

**Expediente 3099/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3099/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", con enderezo a efectos de notificacións en Praza da Inmaculada, nº X-Santiago de Compostela, titular do CIF nº X, para reposición de pedras do muro de parcela (referencia catastral X) sita en rúa San Amaro, nº X Aldán, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos cinco euros con oitenta e un céntimos (605,81 €).

**Expediente 3820/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3820/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.C.A.C., para reparación de fachadas e pintado da vivenda sita no lugar da rúa Ravelo, nº X-Nerga (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a oitocentos vinte euros con trinta e oito céntimos (820,38 €).

**Expediente 3763/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3763/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.M.F.R., con enderezo a efectos de notificacións no Espírito Santo, nº X, titular do DNI nº X, para reforma de cociña e baño de andar sito na Avda. de Ourense, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos setenta e oito euros con seis céntimos (1.878,06 €).

**Expediente 2270/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2270/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS SAN BLAS VIII, para reparación de fachada principal do edificio sito no lugar da Avda. de Bueu, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R.S.C. de data abril 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cento trinta e un euros con dez céntimos (2.131,10 €).	

<b>Expediente 3778/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3778/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.M.O., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lages do Pico, nº X, titular do DNI nº X, para soleira de formigón impreso (urbanización) en parcela sita en Rúa Lages do Pico, nº X (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil corenta euros (2.040,00 €).	

<b>Expediente 3760/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3760/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.P.V., para construción de un cerramento de 31,50 ml., sito no lugar de Outeiro, nº 24-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos oito euros con vinte e un céntimos (508,21 €).	

<b>Expediente 2603/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:  * CONCEDERLLE a A.C.A., co expediente nº 36008/02/002028 a MODIFICACIÓN do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:  <u>Prestacións:</u>  - Atencións de carácter persoal. - Atencións de carácter doméstico e da vivenda.	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- Atencións de carácter psico social e educativo.

Custe do servizo: douscentos cincuenta e seis euros con oito céntimos (256,08 €).

Achega económica da persoa usuaria: (segundo a capacidade económica) 0 euros.

Número de horas: 20 horas.

Data prevista de modificación no SAF: agosto de 2018.

#### **Expediente 3852/2018. Alta no Servizo de Xantar na Casa**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a A.S.S., con DNI nº X, co expediente nº 36008/02/000815, o Programa Xantar na Casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso ao mesmo, cun custo para o Concello (prezo do menú: un euro con sesenta e sete céntimos 1,67 euros/día).

Data prevista de alta no Programa de Xantar na casa: agosto de 2018.

#### **Expediente 3825/2018. Concesión de axuda económica de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución para concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*E.G.G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)*

*En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica por importe de cincocentos (500,00 €), a C.M.C., con DNI nº X".*

#### **Expediente 3845/2018. Concesión de axuda económica de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de resolución para concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*E.G.G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)*

*En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica por importe de catrocentos tres euros con trinta e oito céntimos (403,38 €), a A.G.P., con DNI nº X".*

**Expediente 7154/2017. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para cambio de titularidade de posto de venda ambulante (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentim  
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 02.08.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a transmisión de posto de venda ambulante, nº X, que é como segue:

*"ANTECEDENTES*

*Por escrito de data de rexistro de entrada 13.07.2018, F.L.P.P., con DNI nº X, e con enderezo en rúa Callejón Piteiro, nº X-Marín, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de J.E.D., con DNI nº X, e domiciliado no lugar Polígono Torneiros Fase III, Bol 20, 2 B, O Porriño, quen manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*Á solicitude anterior acchégase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

*I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*

*II.- O artigo 16 da vixente Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013), nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*

*III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente J.E.D., con DNI*





nº X.

*IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local, con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:*

**ACORDO**

*PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº X do mercado dos venres do que era titular, F.L.P. P. a favor de J.E.D., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, estatística e tesourería".*

**Expediente 3284/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local de renuncia de posto de venda de peixe nº 41 do Mercado de Abastos Municipal (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 06.08.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a renuncia de posto de venda de peixe, nº X do Mercado Municipal de Abastos, que é como segue:

*"Por escrito con rexistro de entrada nº 8116 do 10.07.2018, C.C.M., con DNI X, solicitou a baixa do posto de peixe nº X do Mercado Municipal de Abastos, do que é titular, e solicita a devolución da fianza e da parte proporcional da cantidade aboada pola adxudicación da concesión do posto, por non ter transcorrido o prazo previsto total da concesión do posto.*

*Visto o disposto no artigo 44 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005). relativo a 'Resolución anticipada por renuncia xustificada do titular', onde se establece que: 'terán dereito á retirada de cantos elementos do negocio admitan a súa separación sen dano ou menoscabo das instalacións e unha indemnización equivalente ao prezo de adquisición ou canon satisfeito ao concello, debidamente actualizado e prorrateado en atención ao tempo transcorrido da concesión. Tal indemnización satisfarase polo concello con cargo ao canon obtido no novo procedemento licitatorio ao que se someterá o posto en cuestión'.*

*Visto o establecido no artigo 45 relativo ás causas de finalización da concesión que prevé como un dos supostos de extinción dos dereitos de ocupación dos postos a 'Renuncia do titular'.*

*Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do concello, os bens obxecto de utilización.*



**Concello de Cangas**

*En atención ao anteriormente exposto proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por C.C.M., DNI X, á concesión sobre o posto de peixe nº X do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular recordándolle que debe abandonar e deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Tesourería e Intervención, co fin de valorar se procede a devolución da parte proporcional do canon satisfeito ao concello, atendendo ao tempo transcorrido da concesión.*

*Terceiro.- Dar traslado deste acordo á interesada, xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e concellería de desenvolvemento económico e emprego local, co fin de deixar constancia no expediente do posto e a súa comunicación ao conserxe da praza".*

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850